# Boletín Oficial
## Provincia de Ourense

N.º 224 · Martes, 28 setembro 2021

*Dep. legal:* OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

## SUMARIO

**I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE**

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 8/2021 ..... 2

Exposición pública do orzamento xeral para o ano 2022 ..... 2

Notificación do arquivo do expediente n.º 2020/25923H de declaración de vehículo abandonado, por constar a súa retirada ..... 2

**IV. ENTIDADES LOCAIS**

**Arnoia (A)**

Exposición pública dos padróns cobratorios da taxa polo servizo de abastecemento de auga a domicilio e taxa sobre sumidoiros do primeiro trimestre de 2021, canon da auga da Xunta de Galicia e prazo de cobranza en período voluntario ..... 3

**Coles**

Aprobación definitiva da modificación da ordenanza da Taxa pola prestación do servizo público de celebración de matrimonio civil ..... 4

**Montederramo**

Extracto da convocatoria para a concesión da subvención de axudas económicas para o fomento da natalidade no concello de Montederramo do ano 2021 (BDNS 582961) ..... 4

**Ourense**

Nomeamento de Jesús Orbán Cerredelo como técnico de mantemento e conservación ..... 7

**San Cibrao das Viñas**

Exposición pública da aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 20/2021 ..... 7

**Sarreaus**

Convocatoria e bases reguladoras do proceso para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Proxecto obradoiro emprego Carreiro Ladrón, promovido polos concellos de Sarreaus, Trasmiras e Laza ..... 8

**Vilamartín de Valdeorras**

Delegación das competencias da Alcaldía nun concelleiro para celebrar un matrimonio civil ..... 8

***I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE***

*Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos número 8/2021 ..... 2*

*Exposición pública del presupuesto general para el año 2022 ..... 2*

*Notificación del archivo del expediente n.º 2020/25923H de declaración de vehículo abandonado, por constar su retirada ..... 3*

***IV. ENTIDADES LOCALES***

***Arnoia (A)***

*Exposición pública de los padrones cobratorios de la tasa por el servicio de abastecimiento de agua a domicilio y tasa sobre alcantarillado del primer trimestre de 2021, canon del agua de la Xunta de Galicia y plazo de cobranza en periodo voluntario ..... 3*

***Coles***

*Aprobación definitiva de la modificación de la Ordenanza de la Tasa por la Prestación del Servicio Público de Celebración de Matrimonio Civil ..... 4*

***Montederramo***

*Extracto de la convocatoria para la concesión de la subvención de ayudas económicas para el fomento de la natalidad en el ayuntamiento de Montederramo del año 2021 (BDNS 582961) ..... 6*

***Ourense***

*Nombramiento de Jesús Orbán Cerredelo como técnico de mantenimiento y conservación ..... 7*

***San Cibrao das Viñas***

*Exposición pública de la aprobación inicial del expediente de modificación de créditos 20/2021 ..... 7*

***Sarreaus***

*Convocatoria y bases reguladoras del proceso para la selección del personal directivo, docente y de apoyo del Proyecto taller de empleo Carreiro Ladrón, promovido por los ayuntamientos de Sarreaus, Trasmiras y Laza ..... 8*

***Vilamartín de Valdeorras***

*Delegación de las competencias de la Alcaldía en un concejal para celebrar un matrimonio civil ..... 8*

# I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE
# *I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE*

O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria do día 24 de setembro de 2021, aprobou inicialmente o expediente de modificación de créditos número 8/2021 mediante suplementos de créditos, créditos extraordinarios e modificación das bases de execución do orzamento da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2021.

En cumprimento do disposto no artigo 177.2, en relación co 169.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente exponse ao público polo prazo de 15 días hábiles, que comezará a contarse dende o día seguinte ao da publicación no BOP, para que os interesados poidan examinalo e formular as reclamacións que consideren oportunas. No caso de que transcorra o dito prazo sen que se produzan reclamacións, á aprobación inicial elevarase a definitiva, sen necesidade de adoptar novo acordo que o estableza e publicarase o orzamento modificado resumido por capítulos.

Ourense, 24 de setembro de 2021. O vicepresidente.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

---

## *Diputación Provincial de Ourense*

*El Pleno de la Corporación Provincial, en la sesión ordinaria celebrada el día 24 de septiembre de 2021, aprobó inicialmente el expediente de modificación de créditos número 8/2021 mediante suplementos de créditos, créditos extraordinarios y modificación de las bases de ejecución del presupuesto de la Diputación Provincial de Ourense para el ejercicio 2021.*

*En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 177.2, en relación con el 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, el expediente se expondrá al público, por el plazo de 15 días hábiles, que comenzará a contarse desde el día siguiente al de la publicación en el BOP, para que los interesados puedan examinarlo y formular las reclamaciones que consideren oportunas. En el caso de transcurra dicho plazo sin que se produzcan reclamaciones, la aprobación inicial se elevará a definitiva, sin necesidad de adoptar nuevo acuerdo que así lo establezca y se publicará el presupuesto modificado resumido por capítulos.*

*Ourense, 24 de septiembre de 2021. El vicepresidente.*

*Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.*

***R. 2.581***

---

## Deputación Provincial de Ourense

Orzamento xeral para o ano 2022

O Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 24 de setembro do 2021, aprobou inicialmente o orzamento xeral para o exercicio do 2022, integrado polos orzamentos da entidade, do organismo autónomo Inorde e do Consorcio Provincial de Ourense para a Prestación do Servizo contra Incendios e de Salvamento. En cumprimento do disposto no artigo 169.1 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobada polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, e disposicións concordantes, exponse ao público polo prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar as reclamacións ante o Pleno. O orzamento considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

Ourense, 24 de setembro de 2021. O deputado delegado de Economía e Facenda.

Asdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.

---

## *Diputación Provincial de Ourense*

*Presupuesto general para el año 2022*

*El Pleno de la Diputación Provincial, en la sesión ordinaria celebrada el día 24 de septiembre de 2021, aprobó inicialmente el presupuesto general para el ejercicio 2022, integrado por los presupuestos de la entidad, del organismo autónomo Inorde y del Consorcio Provincial de Ourense para la Prestación del Servicio contra Incendios y de Salvamento. En cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, y disposiciones concordantes, se expone al público por el plazo de quince días hábiles, contados a partir del siguiente al de la publicación de este anuncio en el BOP, durante los cuales los interesados podrán examinarlos y presentar las reclamaciones ante el Pleno. El presupuesto se considerará definitivamente aprobado si durante el citado plazo no se presentasen reclamaciones.*

*Ourense, 24 de septiembre de 2021. El diputado delegado de Economía y Hacienda.*

*Fdo.: Rosendo Luis Fernández Fernández.*

***R. 2.586***

---

## Deputación Provincial de Ourense

Para cumprir co establecido nos artigos 44 e 46 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e ao non poder realizar a notificación persoal do acto que se dirá, conforme co establecido no artigo 44 da mencionada lei, por medio deste anuncio notifícanse os actos que se relacionan:

- Interesada: Trans Isanbe, SL.
- Expediente: 2020/00025923H.
- Acto que se notifica: arquivar o expediente nº 2020/25923H de declaración de vehículo abandonado modelo Trafic, con matrícula 9556GGT, sen ITV dende o 3 de setembro de 2020 e sen seguro dende o 17 de xaneiro de 2020, en Pena, Xinzo de Limia, por constar a súa retirada do lugar onde estaba estacionado.
- Dependencia na que se pode consultar o contido íntegro do acto notificado: Área de Medio Ambiente da Deputación Provincial de Ourense, rúa do Progreso, número 32, 2º piso, 32003, Ourense.
- Prazo para a consulta do texto íntegro do acto notificado: 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial do Estado (BOE).

Advírtese de que, no caso de non comparecer a interesada nas oficinas provinciais para a consulta do texto íntegro da notificación no prazo indicado, se terá por notificado no citado acto.

Ourense, 20 de setembro de 2021. O deputado delegado de Cooperación.

Asdo.: Pablo Pérez Pérez.

## *Diputación Provincial de Ourense*

*Para cumplir con lo establecido en los artículos 44 y 46 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, y al no poder realizar la notificación personal del acto que se dirá, conforme con lo establecido en el artículo 44 de la mencionada ley, por medio del presente anuncio se notifican los actos que se relacionan:*

*- Interesada: Trans Isanbe, SL.*

*- Expediente: 2020/00025923H.*

*- Acto que se notifica: archivar el expediente nº 2020/25923H de declaración de vehículo abandonado marca Renault, modelo Trafic con matrícula 9556GGT, sin ITV desde el 3 de septiembre de 2020 y sin seguro desde el 17 de enero de 2020, en Pena, Xinzo de Limia, por constar su retirada del lugar donde estaba estacionado.*

*- Dependencia en la que se puede consultar el contenido íntegro del acto notificado: Área de Medio Ambiente de la Diputación Provincial de Ourense, calle O Progreso, número 32, 2º piso, 32003, Ourense.*

*- Plazo para la consulta del texto íntegro del acto notificado: 15 días hábiles contados a partir del siguiente a la publicación de este anuncio en el Boletín Oficial del Estado (BOE).*

*Se advierte de que, en el caso de no comparecer la interesada en las oficinas provinciales para la consulta del texto íntegro de la notificación en el plazo indicado, se tendrá por notificado en el citado acto.*

*Ourense, 20 de septiembre de 2021. El diputado delegado de Cooperación.*

*Fdo.: Pablo Pérez Pérez.*

***R. 2.551***

# IV. ENTIDADES LOCAIS
# *IV. ENTIDADES LOCALES*

## A Arnoia

Notificación colectiva do padrón cobratorio da taxa polo servizo de abastecemento de auga a domicilio e taxa sobre sumidoiros, correspondentes ao primeiro semestre de 2021 e canon da Xunta de Galicia

Mediante un acordo da Xunta de Goberno local deste concello, aprobáronse os padróns cobratorios que conteñen a relación de debedores/as e os seus importes correspondentes da taxa polo servizo de abastecemento de auga a domicilio e taxa sobre sumidoiros, do primeiro semestre de 2021, e canon da Xunta de Galicia, que se expoñen ao público para a súa notificación colectiva, de acordo co que dispón o artigo 124.3 da Lei xeral tributaria; os/as debedores/as que constan neles e, en xeral, os/as interesados/as poderán interpor, contra as liquidacións individualizadas que figuran nos mencionados padróns, que poden examinarse na Tesouraría municipal, os seguintes recursos:

1.º Reposición, ante a Xunta de Goberno Local deste concello, no prazo dun mes dende o día seguinte ao de publicarse este anuncio no BOP, que se entenderá desestimado se transcorre un mes desde a súa presentación sen que se resolva de maneira expresa.

2.º Contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Ourense, no prazo de dous meses, se a resolución de reposición é expresa, e no prazo dun ano desde a súa interposición se non o for.

3.º Poderase interpor calquera outro recurso que aos/ás interesados/as lles conveña.

Anúnciase a cobranza do padrón da taxa polo servizo de abastecemento de auga a domicilio e taxa sobre sumidoiros, do primeiro semestre de 2021 e canon da Xunta de Galicia.

Infórmaselles aos suxeitos pasivos que figuran incluídos nos referidos padróns que queda aberto o prazo para pagar as débedas dos suxeitos pasivos que figuran neles, nos seguintes termos:

Inicio: 31/08/2021

Finalización: 02/11/2021

Lugar que se sinala para efectuar o pago:

Oficinas de Abanca, en horario de cobro de recibos.

De acordo co que dispoñen os artigos 20 e 97 do Regulamento xeral de recadación, os suxeitos pasivos que non satisfagan, no prazo sinalado, as cotas que lles corresponden incorrerán en recarga de constrinximento do 20% do importe das cotas e poderán, así mesmo, liquidarlles os xuros de mora que procedan ata o día no que se efectúe o ingreso, e ademais dos gastos e as custas que sexan procedentes.

Ademais, a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a esixencia do canon da auga directamente ao/á contribuínte pola vía de prema, pola consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia. Poderá ser obxecto dunha reclamación económico-administrativa, ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes, desde que se entenda producida a notificación.

A Arnoia, 31 de agosto de 2021. O alcalde.

Asdo.: Rodrigo Aparicio Santamaría.

---

*Notificación colectiva del padrón cobratorio de la tasa por el servicio de abastecimiento de agua a domicilio y tasa sobre alcantarillado, correspondientes al primer semestre de 2021 y canon de la Xunta de Galicia*

*Mediante un acuerdo de la Junta de Gobierno local de este ayuntamiento, se aprobaron los padrones cobratorios que contiene la relación de deudores/as y sus correspondientes importes de la tasa por el servicio de abastecimiento de agua a domicilio y tasa sobre alcantarillado, del primer semestre de 2021 y el canon de la Xunta de Galicia, que se exponen al público para su notificación colectiva, de acuerdo con lo que dispone el artículo 124.3 de la Ley General Tributaria. Los/as deudores/as que constan en ellos y, en general, los/as interesados/as podrán interponer contra las liquidaciones individualizadas (cuotas) que figuran en los padrones mencionados, que puede examinarse en la Tesorería municipal, los siguientes recursos:*

*1.º Reposición, ante la Junta de Gobierno Local de este ayuntamiento, en el plazo de un mes desde el día siguiente al de publicarse este edicto en el BOP, que se entenderá desestimado si transcurre un mes desde su presentación sin que se resuelva de manera expresa.*

*2.º Contencioso-administrativo, ante el Juzgado de lo Contencioso-Administrativo con sede en Ourense, en el plazo de dos meses si la resolución de reposición es expresa y en el plazo de un año desde su interposición si no lo fuese.*

*3.º Se podrá interponer cualquier otro recurso que a los/as interesados/as les convenga.*

*Cobranza del padrón de la tasa por el servicio de abastecimiento de agua a domicilio y tasa sobre alcantarillado, primer semestre de 2021 y canon de la Xunta de Galicia*

*Se informa a los sujetos pasivos que figuran incluidos en los padrones referidos que queda abierto el plazo para pagar las*

*deudas de los sujetos pasivos que figuran en ellos, en los siguientes términos:*

*Inicio: 31/08/2021*

*Finalización: 02/11/2021*

*Lugar que se señala para efectuar el pago:*

*Oficinas de Abanca, en horario de cobro de recibos.*

*De acuerdo con lo que disponen los artículos 20 y 97 del Reglamento General de Recaudación los Sujetos Pasivos que en el plazo señalado no satisfagan las cuotas que les corresponden incurrirán en recargo de apremio del 20% del importe de las cuotas. Podrán, asimismo, liquidarles los intereses de demora que procedan hasta el día en el que se efectúe el ingreso, y además los gastos y las costas que sean procedentes.*

*Así mismo, la falta de pago en el período voluntario señalado supondrá la exigencia del canon del agua directamente al/a la contribuyente por la vía de apremio por la consejería competente en materia de Hacienda de la Xunta de Galicia. Podrá ser objeto de una reclamación económico-administrativa, ante el órgano económico-administrativo de la Comunidad Autónoma de Galicia, en el plazo de un mes desde que se entienda producida la notificación.*

*A Arnoia, 31 de agosto de 2021. El alcalde.*

*Fdo.: Rodrigo Aparicio Santamaría.*

***R. 2.480***

---

## Coles

Unha vez aprobada polo Pleno a modificación da Ordenanza da taxa pola prestación do servizo público de celebración de matrimonio civil e exposta ao público sen que se presentasen reclamacións, queda definitivamente aprobada e publícase integramente, de conformidade co que establece o artigo 17.4 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

Contra o acordo aprobatorio, que esgota a vía administrativa, poderase interpor un recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do TSXG, no prazo de dous meses, que contarán a partir desta publicación, tal como sinala o artigo 19 do RDL 2/2004, do 5 de marzo.

Artigo único:

O artigo 5.º e a disposición final da ordenanza publicada no BOP n.º 40, do 19/02/2010, aprobada polo Pleno na sesión do 01/12/2009, quedan redactados do seguinte xeito:

Artigo 5.º Cota tributaria

A cota da tarifa corresponde ao uso dos locais municipais e á tramitación completa do expediente de razón, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, queda establecida nas seguintes cotas:

- 80,00 euros para os matrimonios que se celebren fóra da Casa Consistorial de Coles.
- 40,00 euros para os matrimonios que se celebren na Casa Consistorial de Coles.

Disposición final

A presente modificación da ordenanza fiscal, entrará en vigor o mesmo día en que se publique no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa.

Coles, 10 de setembro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.

---

*Una vez aprobada por el Pleno la modificación de la Ordenanza de la Tasa por la Prestación del Servicio Público de Celebración de Matrimonio Civil y expuesta al público sin que se hubiesen presentado reclamaciones, queda definitivamente aprobada y se publica íntegramente, de conformidad con lo que establece el artículo 17.4 del RDL 2/2004, de 5 de marzo.*

*Contra el acuerdo aprobatorio, que agota la vía administrativa, se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo ante la sala correspondiente del TSXG, en el plazo de dos meses, que se contarán a partir de esta publicación, tal como señala el artículo 19 del RDL 2/2004, de 5 de marzo.*

*Artículo único:*

*El artículo 5.º y la disposición final de la ordenanza publicada en el BOP n.º 40, de 19/02/2010, aprobada por el Pleno en la sesión de 01/12/2009, quedan redactados de la siguiente manera:*

*Artigo 5º. Cuota tributaria*

*La cuota de la tarifa corresponde al uso de los locales municipales y a la tramitación completa del expediente de razón, desde su iniciación hasta su resolución final, queda establecida en las siguientes cuotas:*

*- 80,00 euros para los matrimonios que se celebren fuera de la Casa Consistorial de Coles.*

*- 40,00 euros para los matrimonios que se celebren en la Casa Consistorial de Coles.*

*Disposición final*

*La presente modificación de la ordenanza fiscal entrará en vigor el mismo día en que se publique en el Boletín Oficial de la Provincia y permanecerá en vigor hasta su modificación o derogación expresa.*

*Coles, 10 de septiembre de 2021. El alcalde.*

*Fdo.: Manuel Rodríguez Vázquez.*

***R. 2.485***

---

## Montederramo

Axudas á natalidade 2021 no concello de Montederramo

BDNS (Identif.): 582961

De acordo co que dispoñen os artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións:

(https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/582961)

Extracto do Decreto número 2021-0153, do 9 de setembro de 2021, polo que se aproba a convocatoria para a concesión da subvención de axudas económicas para o fomento da natalidade no concello de Montederramo (Ourense) do ano 2021.

BDNS: 582961

De conformidade co que establecen os artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións, no taboleiro de anuncios electrónico e no portal de transparencia do Concello de Montederramo:

(https://montederramo.sedelectronica.gal).

Primeiro. Obxecto

O obxecto desta convocatoria é regular o réxime xurídico do outorgamento de axudas económicas para fomentar a natalidade no concello de Montederramo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021.

A axuda consistirá nunha prestación económica total de 1.500,00 €, rateada a razón de 500 €/ano por nacemento ou adopción de filla/o que se producise no ano 2021.

Segundo. Contía das axudas

A contía total da axuda por nacemento ou adopción dun fillo ou filla será de 1.500,00 € por cada un/unha e será compatible

con calquera outra axuda que se perciba por este motivo procedente doutras administracións.

A subvención farase efectiva de xeito rateado a razón de 500 €/ano, distribuídos nas anualidades de 2021, 2022 e 2023, sempre que se cumpran os requisitos que establece esta convocatoria para ser beneficiario/a.

Terceiro. Persoas beneficiarias

1. As persoas beneficiarias serán conxuntamente o/a proxenitor/a ou proxenitores/as ou adoptante/s do fillo ou filla, xa sexan casados, parellas de feito ou familias monoparentais, titulares do Libro de familia, no que figuren rexistrados o nacemento ou a adopción. Se no Libro de familia constase unha ou un só proxenitor ou adoptante, será esta/e a/o única/o beneficiaria/o. Así mesmo, terá a condición de beneficiario o proxenitor ou adoptante titular do libro de familia que convive co/a fillo/a que motiva esta subvención, tanto nos casos de nulidade, separación, divorcio como nos supostos nos que o fillo ou filla estea exclusivamente a cargo da persoa solicitante. En todo caso, considérase a situación de convivencia na data da solicitude da axuda. No caso do/s adoptante/s, serán beneficiarias/os as/os cando a filla ou o fillo adoptado teña ata seis anos.

Desde o 1 de maio de 2021, tras entrar en vigor a Lei 20/2011, do Rexistro Civil, cada persoa terá un rexistro electrónico individual no que se constarán os feitos e actos relativos á identidade, estado civil e demais circunstancias nos termos da presente lei. As persoas interesadas poderán facerse valer das certificacións electrónicas expedidas dos datos que consten nos asentos do Rexistro Civil, nos termos no artigo 81 da citada lei.

2. As persoas estranxeiras que cumpran os requisitos destas bases poderán ser beneficiarias sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

3. En ningún caso poderán ser beneficiarias/os as/os proxenitoras/es privadas ou privados total ou parcialmente da patria potestade ou cuxa tutela for asumida por unha institución pública.

4. Requisitos para ser beneficiarios/as

Os requisitos para poder optar á axuda son os seguintes:

1. Ser español/a ou estranxeiro/a con residencia legal en España. As persoas estranxeiras que cumpran os requisitos destas bases poderán ser beneficiarias sempre que cumpran as condicións da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

2. Será requisito para o recoñecemento da subvención que polo menos un ou unha dos proxenitores ou adoptantes estea empadroado/a no Concello de Montederramo cunha antigüidade mínima dun ano anterior ao nacemento ou adopción.

3. Que o fillo ou filla conviva coa persoa solicitante e que o Concello de Montederramo sexa o primeiro empadroamento. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento colectivo.

4. No caso da adopción, que no prazo dun mes, que contará a partir da Resolución xudicial sexa inscrito no padrón municipal no domicilio do adoptante. Será documento acreditativo do cumprimento do que dispón neste apartado o certificado de empadroamento colectivo.

5. Será condición necesaria para obter a totalidade da subvención que a persoa beneficiaria e a/o filla/o manteñan a súa residencia efectiva no Concello de Montederramo durante os dous anos posteriores (2022 e 2023) á solicitude da axuda. Será documento acreditativo o certificado de empadroamento colectivo. O concello poderá realizar outras comprobacións que conduzan á verificación da residencia efectiva.

Non obstante, este requisito poderá quedar exceptuado naqueles supostos nos que sobrevidamente e con motivo de situacións excepcionais, como a conciliación da vida laboral e familiar (por exemplo necesidades educativas etc.), separación dos pais, desafiuzamento e outras situacións similares, a persoa beneficiaria da axuda se vexa obrigada a a interromper o empadroamento ou a residencia. En calquera outro caso, de non manter durante o prazo establecido o requisito da residencia efectiva fixado para alcanzar a condición de beneficiario/a, deberase devolver a cantidade indebidamente percibida, e incrementada, ademais, co xuro legal do diñeiro que estiver vixente no momento de declararse a invalidez da axuda.

6. Estar ao corrente das obrigas tributarias con Facenda (Estado e comunidade autónoma), coa Seguridade Social e co Concello de Montederramo.

Quinto. Solicitudes, prazo e lugar de presentación

1. As solicitudes deberán ir dirixidas ao alcalde do Concello de Montederramo e presentaranse mediante unha instancia debidamente cuberta (Anexo I) por calquera das vías que estipula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Entre as vías establecidas de presentación atópanse as dependencias da oficina de asistencia en materia de rexistros, situada no concello, praza de Montederramo, 28, 32750 (Ourense) e a sede electrónica do Concello de Montederramo, dispoñible na seguinte ligazón: https://montederramo.sedelectronica.gal

2. O prazo para presentar as solicitudes abranguerá desde o día seguinte ao de publicarse o extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ata o 31 de xaneiro do 2022 para o nacemento ou adopción de crianzas durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2021 e o 31 de decembro de 2021.

Sexto. Documentación

A solicitude deberá ir asinada polo/a proxenitor/a ou proxenitores/as que a pide/n, e debe ir acompañada dos seguintes documentos:

Anexo I de solicitude debidamente cuberto.

Copia do DNI/NIE dos/as proxenitores/as ou adoptantes.

Certificado de empadroamento colectivo, que será incorporado de oficio polo concello.

Copia do Libro de familia.

Copia da resolución xudicial ou administrativa acreditativa da adopción.

Copia do convenio regulador ou sentenza xudicial de nulidade, separación ou divorcio, se é o caso.

No caso de familias monoparentais, documentación acreditativa de que o/a menor está a cargo exclusivamente da persoa solicitante.

Certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia e certificado de estar ao corrente coa Seguridade Social, ou autorización para obter os ditos certificados por parte do concello. O certificado de atoparse ao corrente das súas obrigas co Concello de Montederramo expedirase de oficio.

Certificado da conta bancaria na que se solicita o ingreso da axuda.

De conformidade co artigo 28.5 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o concello poderá solicitar de xeito motivado o cotexo das copias que pre-

sentou a persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

Toda a documentación expedida en idioma estranxeiro deberá ir acompañada da tradución oficial correspondente.

Montederramo, 9 de setembro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Antonio Rodríguez Álvarez.

---

*Ayudas a la natalidad 2021 en el ayuntamiento de Montederramo*

*BDNS (Identif.): 582961*

*De conformidad con lo que disponen los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones:*

*(https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/582961).*

*Extracto del Decreto número 2021-0153, de 9 de septiembre de 2021, por el que aprueba la convocatoria para la concesión de la subvención de ayudas económicas para el fomento de la natalidad en el ayuntamiento de Montederramo (Ourense) del año 2021.*

*BDNS: 582961*

*De conformidad con lo que establecen los artículos 17.3. b) y 20.8.a) de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones, en el tablón de anuncios electrónico y en el portal de transparencia del Ayuntamiento de Montederramo (https://montederramo.sedelectronica.gal).*

*Primero. Objeto*

*El objeto de esta convocatoria es regular el régimen jurídico del otorgamiento de ayudas económicas para fomentar la natalidad en el ayuntamiento de Montederramo durante el período comprendido entre el 1 de enero de 2021 y el 31 de diciembre de 2021.*

*La ayuda consistirá en una prestación económica total de 1.500,00 €, prorrateada a razón de 500 €/año por nacimiento o adopción de hija/o que se produjera en el año 2021.*

*Segundo. Cuantías de las ayudas*

*La cuantía total de la ayuda por nacimiento o adopción de una hija o hijo será de 1.500,00 € por cada una/o y será compatible con cualquier otra ayuda que se perciba por este motivo procedente de otras administraciones.*

*La subvención se hará efectiva de manera prorrateada, a razón de 500 €/año, distribuidos en las anualidades del 2021, 2022 y 2023, siempre que se cumplan los requisitos que establece esta convocatoria para ser beneficiaria.*

*1. Las personas beneficiarias serán conjuntamente el/la progenitor/a o progenitores/as o adoptante/s del hijo o hija, ya sean casados, parejas de hecho o familias monoparentales, titulares del Libro de familia, en el que figure registrado el nacimiento o adopción. Si en el Libro de familia figurara un solo progenitor o adoptante, será este el único beneficiario. Asimismo, tendrá la condición de beneficiaria la persona progenitora o adoptante titular del libro de familia que convive con la hija o hijo que motiva esta subvención, tanto en los casos de nulidad, separación, divorcio o en los supuestos en los que el hijo esté exclusivamente a cargo de la persona solicitante. En todo caso, se considera la situación de convivencia en la fecha de la solicitud de la ayuda. En el caso de adoptante/s, serán beneficiarios/as cuando el hijo o hija adoptado tenga hasta seis años.*

*Desde el 1 de mayo de 2021, tras haber entrado en vigor la Ley 20/2011, del Registro Civil, cada persona tendrá un registro electrónico individual en el que se constarán los hechos y actos relativos a la identidad, estado civil y demás circunstancias en los términos de la presente ley. Las personas interesadas podrán hacerse valer de las certificaciones electrónicas expedidas de los datos que consten en los asientos del Registro Civil, en los términos del artículo 81 de la citada ley.*

*2. Las personas extranjeras que cumplan los requisitos de estas bases podrán ser beneficiarias siempre que cumplan las condiciones de la Ley orgánica 4/2000, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España.*

*3. En ningún caso podrán ser beneficiarias/os las progenitoras o progenitores privados total o parcialmente de la patria potestad o cuya tutela fuera asumida por una institución pública.*

*Cuarto. Requisitos para ser beneficiarios/as*

*Los requisitos para poder optar a la ayuda son los siguientes:*

*1. Ser español/a o extranjero/a con residencia legal en España. Las personas extranjeras que cumplan los requisitos de estas bases podrán ser beneficiarias siempre que cumplan las condiciones de la Ley orgánica 4/2000, sobre derechos y libertades de los extranjeros en España.*

*2. Será requisito para el reconocimiento de la subvención que por lo menos uno o una de los progenitores-adoptante/s esté empadronado/a en el Ayuntamiento de Montederramo, con una antigüedad mínima de un año anterior al nacimiento o adopción.*

*3. Que el hijo o la hija conviva con la persona solicitante y que el Ayuntamiento de Montederramo sea el primer empadronamiento. Será documento acreditativo el certificado de empadronamiento colectivo.*

*4. En el caso de la adopción, que en el plazo de un mes, que se contará desde la Resolución judicial, sea inscrito/a en el padrón municipal en el domicilio de la persona adoptante. Será documento acreditativo del cumplimiento de lo que dispone este apartado el certificado de empadronamiento colectivo.*

*5. Será condición necesaria para obtener la totalidad de la subvención que la beneficiaria/o y el hijo o hija mantengan su residencia efectiva en el Ayuntamiento de Montederramo durante los dos años posteriores (2022 y 2023) a la solicitud de la ayuda. Será documento acreditativo el certificado de empadronamiento colectivo. El ayuntamiento podrá realizar otras comprobaciones que conduzcan a la verificación de la residencia efectiva.*

*No obstante, este requisito podrá quedar exceptuado en aquellos supuestos en los que sobrevenidamente y con motivo de situaciones excepcionales, como la conciliación de la vida laboral y familiar (por ejemplo necesidades educativas etc.), separación de los padres, desahucio y otras situaciones similares, la persona beneficiaria de la ayuda se vea obligada a interrumpir el empadronamiento o la residencia. En cualquier otro caso, de no mantener durante el plazo establecido el requisito de la residencia efectiva establecidos para alcanzar la condición de beneficiario/a, se deberá devolver la cantidad indebidamente percibida, e incrementada, además, con el interés legal del dinero que estuviera vigente en el momento de declararse la invalidez de la ayuda.*

*6. Estar al corriente de los deberes tributarios con Hacienda (Estado y comunidad autónoma), con la Seguridad Social y con el Ayuntamiento de Montederramo.*

*Quinto. Solicitudes, plazo y lugar de presentación*

*1. Las solicitudes deberán ir dirigidas al alcalde del Ayuntamiento de Montederramo y se presentarán mediante una instancia debidamente cubierta (Anexo I) por cualquiera de las vías que estipula el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de*

*1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las administraciones públicas. Entre las vías fijadas de presentación se encuentran las dependencias de la oficina de asistencia en materia de registros situada en el ayuntamiento, plaza de Montederramo, 28, 32750 (Ourense) y la sede electrónica del Ayuntamiento de Montederramo, disponible en el siguiente enlace: https://montederramo.sedelectronica.gal*

*2. El plazo de presentación de las solicitudes abarcará desde el día siguiente al de publicarse el extracto de la convocatoria en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense hasta el 31 de enero del 2022 para el nacimiento o adopción de hijos/as durante el período comprendido entre el 1 de enero de 2021 y el 31 de diciembre de 2021.*

*Sexto. Documentación*

*La solicitud deberá ir firmada por el/la progenitor/a o progenitores/as-adoptante/s y debe ir acompañada de los siguientes documentos:*

*1. Anexo I de solicitud debidamente cubierto.*

*2. Copia del DNI/ NIE de los/as progenitores o adoptantes.*

*3. Certificado de empadronamiento colectivo, que será incorporado de oficio por el ayuntamiento.*

*4. Copia del Libro de familia.*

*5. Copia de la resolución judicial o administrativa acreditativa de la adopción.*

*6. Copia del convenio regulador o sentencia judicial de nulidad, separación o divorcio, si es el caso.*

*7. En el caso de familias monoparentales, documentación acreditativa de que el/la menor está a cargo exclusivamente de la persona solicitante.*

*8. Certificados de estar al corriente de los deberes tributarios con la Agencia Estatal de Administración Tributaria, con la Agencia Tributaria de Galicia y certificado de estar al corriente con la Seguridad Social o autorización para obtener dichos certificados por parte del ayuntamiento. El certificado de encontrarse al corriente de sus deberes con el Ayuntamiento de Montederramo se expedirá de oficio.*

*9. Certificado de la cuenta bancaria en la que se solicita el ingreso de la ayuda.*

*De conformidad con el artículo 28.5 de la Ley 39/2015, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, cuando la relevancia del documento en el procedimiento lo exija o existan dudas derivadas de la calidad de la copia, el Ayuntamiento, podrá solicitar de manera motivada el cotejo de las copias presentadas por la persona interesada, para lo cual podrá requerir la exhibición del documento o de la información original.*

*Toda la documentación expedida en idioma extranjero deberá ir acompañada de la traducción oficial correspondiente.*

*Montederramo, 9 de septiembre de 2021. El alcalde.*

*Fdo.: Antonio Rodríguez Álvarez.*

***R. 2.476***

---

## Ourense

### Servizo de Persoal e Recursos Humanos

Sección de Persoal

Por Decreto da Concellería de Recursos Humanos do 7 de setembro de 2021 e número de rexistro 2021006660, resolveuse nomear como técnico de mantemento e conservación do Concello de Ourense a Jesús Orbán Cerredelo, con efectos da toma de posesión da praza.

Ourense, 9 de setembro de 2021. O concelleiro delegado de Recursos Humanos.

Asdo.: Armando Ojea Bouzo.

### *Servicio de Personal y Recursos Humanos*

*Sección de Personal*

*Por Decreto de Concejalía de Recursos Humanos de 7 de septiembre de 2021 y número de registro 2021006660, se resolvió nombrar como técnico de mantenimiento y conservación del Ayuntamiento de Ourense a Jesús Orbán Cerredelo, con efectos de la toma de posesión de la plaza.*

*Ourense, 9 de septiembre de 2021. El concejal delegado de Recursos Humanos.*

*Fdo: Armando Ojea Bouzo.*

***R. 2.486***

---

## San Cibrao das Viñas

O Pleno do Concello de San Cibrao das Viñas, na sesión extraordinaria do día 24 de setembro de 2021, aprobou inicialmente o seguinte expediente de modificación de crédito:

- Modificación de créditos nº 20/2021 na modalidade de suplemento de créditos financiado con remanente de tesourería para gastos xerais por un importe total de 421.997,22 €.

O devandito expediente permanecerá exposto ao público na secretaría xeral do concello, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos municipal, durante o prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no citado diario oficial, para que os/as interesados/ as poidan examinalo e presentar, no seu caso, as reclamacións que consideren oportunas conforme co artigo 177, en relación co artigo 169, do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLHL). Se ao finalizar o período de exposición pública non se presentaron reclamacións, o expediente considerarase definitivamente aprobado.

San Cibrao das Viñas, na data da sinatura electrónica.

O alcalde. Asdo.: Manuel Pedro Fernández Moreiras.

---

*El Pleno del Ayuntamiento de San Cibrao das Viñas, en la sesión extraordinaria del día 24 de septiembre de 2021, aprobó inicialmente el siguiente expediente de modificación de crédito:*

*- Modificación de créditos nº 20/2021 en la modalidad de suplemento de créditos financiado con remanente de tesorería para gastos generales por un importe total de 421.997,22 €.*

*Dicho expediente permanecerá expuesto al público en la secretaría general del ayuntamiento, previo anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de edictos municipal, durante el plazo de quince días hábiles contados a partir del día siguiente al de la publicación en el citado diario oficial, para que los/las interesados/as puedan examinarlo y presentar, en su caso, las reclamaciones que consideren oportunas conforme al artículo 177, en relación con el artículo 169, del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales (TRLHL). Si al finalizar el período de exposición pública no se hubiesen presentado reclamaciones, el expediente se considerará definitivamente aprobado.*

*San Cibrao das Viñas, a la fecha de la firma electrónica.*

*El alcalde. Fdo.: Manuel Pedro Fernández Moreiras.*

***R. 2.583***

## Sarreaus

Por acordo da Xunta de Goberno Local, con data 23 de setembro de 2021, aprobáronse as bases que rexerán a creación dun proceso para a selección do persoal directivo, docente e de apoio do Proxecto obradoiro emprego Carreiro Ladrón, promovido polos concellos de Sarreaus, Trasmiras e Laza.

Clase de persoal: laboral temporal.

Duración: 9 meses.

Prazas convocadas: director, persoal administrativo e persoal docente.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días naturais seguintes aos da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello de Sarreaus en horario de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, ou en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas.

Poderán consultar máis información e as bases específicas da convocatoria, no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica dos concellos de Sarreaus, Trasmiras e Laza.

Sarreaus, 23 de setembro de 2021. O alcalde.

Asdo.: Gumersindo Lamas Alvar.

---

*Por acuerdo de la Junta de Gobierno Local, con fecha 23 de setiembre de 2021, se aprobaron las bases que regirán la creación de un proceso para la selección del personal directivo, docente y de apoyo del Proyecto Obradoiro Emprego Carreiro Ladrón, promovido por el ayuntamiento de Sarreaus, Trasmiras y Laza.*

*Clase de personal: laboral temporal.*

*Duración: 9 meses.*

*Plazas convocadas: director, personal administrativo y personal docente.*

*Plazo de presentación de solicitudes: en los cinco días naturales siguientes al de la publicación del presente anuncio de convocatoria en el BOP, en el Registro General del Ayuntamiento de Sarreaus en horario de 9:00 a 14:00 horas, de lunes a viernes, o en cualquiera de las formas establecidas en el artículo 16.4 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Publicas.*

*Podrán consultar más información y las bases específicas de la convocatoria, en el tablón de anuncios, la página web y la sede electrónica de los ayuntamientos de Sarreaus, Trasmiras y Laza.*

*Sarreaus, 23 de septiembre de 2021. El alcalde.*

*Fdo.: Gumersindo Lamas Alvar.*

***R. 2.580***

---

## Vilamartín de Valdeorras

Resolución de delegación da Alcaldía

En virtude das facultades que establecen os artigos 43 e 44 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, delego no concelleiro Juan Enrique Guntiñas Roo a competencia para celebrar o matrimonio civil entre Antonio Izquierdo Osorio y Alberto Losada Trincado, o 8 de setembro de 2021, ás 17.00 horas, no lugar convido para o efecto, o concello.

Comuníqueselle ao interesado, publíquese no BOP e infórmese o Pleno na primeira sesión que se realice.

Mándao e asínao o alcalde, Enrique Álvarez Barreiro.

Vilamartín de Valdeorras, 8 de setembro de 2021.O alcalde.

Asdo.: Enrique Álvarez Barreiro.

---

*Resolución de delegación de la Alcaldía*

*En virtud de las facultades establecidas en los artículos 43 y 44 del Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, delego en el concejal Juan Enrique Guntiñas Roo la competencia para celebrar el matrimonio civil entre Antonio Izquierdo Osorio y Alberto Losada Trincado, el 8 de septiembre de 2021, a las 17.00 horas, en el lugar convenido para el efecto, el ayuntamiento.*

*Comuníquesele al interesado, publíquese en el BOP e infórmese al Pleno en la primera sesión que se realice.*

*Lo manda y lo firma el alcalde, Enrique Álvarez Barreiro.*

*Vilamartín de Valdeorras, 8 de septiembre 2021. El alcalde.*

*Fdo.: Enrique Álvarez Barreiro.*

***R. 2.481***